



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### ARTEIXO

##### Urbanismo

*Aprobación definitiva dos estatutos e bases de actuación da entidade de conservación do Parque de Actividades Económicas de Arteixo*

##### ANUNCIO

##### Urbanismo e Patrimonio

#### **Anuncio de aprobación definitiva dos Estatutos e Bases de Actuación da Entidade de Conservación do Parque de Actividades Económicas de Arteixo.-**

A Xunta de Goberno Local do Concello de Arteixo, en sesión Ordinaria que tivo lugar o xoves 30 de setembro de 2021, adoptou o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Estimar as alegacións presentadas por XESTUR e HIJOS DE RIVERA SLU a teor do exposto no corpo deste escrito.

**Segundo.-** Aprobar definitivamente os Estatutos e as Bases de Actuación da Xunta de Compensación a constituír para a urbanización da unidade de actuación, coas modificacións resultantes dos apartados anteriores que se incorporan no texto definitivo que se anexa ao presente acordo.

**Terceiro.-** Designar como representante do Concello no órgano reitor da Xunta de Compensación a don Alberto Castro Calvete, Concelleiro de Urbanismo e Patrimonio do Concello de Arteixo.

**Cuarto.-** Publicar integramente no Boletín oficial da provincia da Coruña, o presente Acordo de aprobación definitiva. Así mesmo, notificarase individualizadamente aos propietarios afectados polo sistema de actuación e a quen comparecera no expediente.

Así mesmo, estarase ao dispor dos interesados na sede electrónica deste Concello.

**Quinto.-** Requirir aos interesados para que constituán a Xunta de Compensación, en prazo máximo de tres meses, mediante escritura pública ou documento protocolizado notarialmente onde se designará o cargo do órgano reitor, que necesariamente recaerá en persoa física, advertíndolles de que, transcorrido o prazo citado, entenderase que os propietarios que non manifesten a súa vontade expresa de incorporarse á Xunta de Compensación renuncian a adherirse á mesma, cos mesmos efectos e consecuencias da renuncia expresa.

**Sexto.-** Solicitar do Rexistro da Propiedade a práctica dos asentos que correspondan e o depósito dos Estatutos e Bases aprobados.”

Contra a resolución adoptada, acto definitivo en vía administrativa poderase interpoñer ben de forma potestativa RECURSO DE REPOSICIÓN no prazo de un mes ante o **Alcalde** ou xa directamente RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO perante o Xulgado do Contencioso Administrativo no prazo de DOUS MESES, prazos contados a partir do día seguinte ó da recepción da presente notificación, segundo o disposto no art. 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da devandita Xurisdicción.

Pode consultarse o texto íntegro dos Estatutos e Bases de actuación definitivamente aprobados no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Arteixo: <https://sede.arteiro.org/opencms/es/informacion/>

En Arteixo, a 28 de Outubro de 2021

D. Luís Alberto Castro Calvete

Concelleiro delegado de Urbanismo e Patrimonio

Resolución da Alcaldía 1513/2021 de 07/06/2021.

2021/7690